

PLAN DE POTENCIACIÓN DA LINGUA GALEGA.

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega do CEP Campolongo quedou renovado na reunión dos equipos docentes posterior ao primeiro claustro. O resultado da renovación materializouse coa incorporación de novos membros. Mantense o coordinador do curso pasado.

O equipo procurará seguir actualizando os datos sobre a realidade lingüística do centro que permitan orientar debidamente as actividades previstas para o curso 2019-2020 e outras que poidan incorporarse máis adiante, mantendo para iso, as reunións ordinarias de coordinación precisas. Tamén se convocarán reunións extraordinarias cando haxa temas urxentes que tratar relacionados coas actividades que coordina o equipo. O EDLG intentará pór en marcha diferentes actividades e medidas, asumindo a principal responsabilidade de artellar as propostas, dependendo o seu aproveitamento, iso si, de diversas variábeis: profesorado disposto a colaborar, medios materiais, etc.

Como todo comezo de curso preséntase ao Claustro e ao Consello Escolar a Addenda anual ao Proxecto Lingüístico, apartado preceptivo incluído no devandito proxecto.

Como órgano responsable da potenciación, impulso e fomento do uso do galego na escola, o EDLG segue a constatar un continuo relaxamento no proceso normalizador no seo da Comunidade Educativa, coa conseguinte perda de vixencia do galego como lingua de uso ordinario.

O alumnado presenta o Castelán como lingua vehicular, practicamente na súa totalidade. Son, pois, nenos e nenas castelán falantes aínda que poden empregar o Galego con certas dificultades, en moitos casos. Atendendo, logo, á situación sociolingüística do medio no que está situado o colexio, o CEP Campolongo escolariza ós seus alumnos e alumnas en castelán.

Este equipo séntese na obriga de promover a lingua e a realidade cultural galega na escola, desenvolvendo e apoiando todas aquelas medidas que axuden a incrementar o uso para a súa total normalización. Tendo en conta o contexto social, a situación precisa dunha análise seria, de iniciativas reais e realistas que a encaren con rigor, de compromiso firme por arte do profesorado e tamén dunha reflexión profunda sobre a situación que modifique actitudes e logre chegar ao estudo e á divulgación do que nos é propio.

Dinamizar a lingua galega desde a escola é unha tarefa posible. A planificación lingüística de abaixo-arriba pode axudar a acordar o galego do “adormecido tecido social en que vivimos”. A escola pode contribuír a facelo. O galego é unha útil ferramenta de interlocución sociocultural.

Dado que a comunidade educativa do noso centro, e por enriba de todo, a familia, xogan un papel fundamental no proceso normalizador, mantemos a convicción de que debe participar activamente na definición, elaboración e posta en práctica das estratexias que se leven a cabo no proceso.

Segundo a sintética análise realizada, o deseño dun proxecto dinamizador non debe esquecer as outras manifestacións que conforman, xunto á lingua, a armazón cultural galega. Normalizar a lingua implica, tamén, que a escola asuma o obxectivo de normalizar dende o seu ámbito- a realidade galega no seu conxunto.

A esixencia (segundo a normativa) de que o galego sexa a lingua da docencia polo menos na metade do tempo escolar, vén dada polo obxectivo principal que se pretende conseguir ao finalizar a etapa: que o alumnado teña unha boa competencia nas dúas linguas oficiais.

É preciso que o alumnado que ten o castelán como lingua habitual, adquira unha boa competencia en galego, de tal maneira que se favorezan os contextos en que se exprese nela.

As vías que se establezan no noso centro deben ter sempre este obxectivo final como guía. Isto leva aparelada a necesidade de que os alumnos manteñan unha boa competencia na súa lingua familiar, o castelán no noso caso, e que, progresivamente, consoliden tamén unha boa competencia na outra lingua oficial, o galego.

De acordo coa realidade do centro redefinimos e modificamos nas distintas variables necesarias para incidir fundamentalmente na:

- ORALIDADE.
- POSICIÓN POSITIVA CARA A LINGUA, e de apoio por parte da Comunidade.
- A LIÑA DE TRABALLO QUE MARCA O EDLG A PARIR DO PROXECTO LINGÜÍSTICO É:

a) Un incremento progresivo, flexíbel, do nivel de competencia do alumnado. Para iso, respectarase o establecido no artigo 6, do capítulo III, do Decreto 79/2010 do 20 de maio, polo se regula o plurilingüismo en Galicia.

b) Un incremento no total de horas das actividades complementarias e extraescolares impartidas en galego. (Capítulo III, artigo 11, do decreto mencionado anteriormente) Asemade, hai que ter presente a Orde 10 de febreiro de 2014, pola que se regula a exención da cualificación da materia de Lingua Galega para aquel alumnado que no presente curso escolar se incorpore a 5º, 6º EP, procedente dun país estranxeiro ou doutra comunidade autónoma.

OBXECTIVOS PROPOSTOS POLO EDLG

Desde o EDLG, nos últimos anos repítense en xeral os obxectivos, e sen menosprezar a escrita, trátase de incidir sobre todo na oralidade. Poderíanse resumir en : “Valorar a lingua galega como elemento configurador da identidade persoal e social” e “Mostrar aprecio pola lingua galega como canle de expresión en tódalas situacións da vida”. Ámbolos os dous necesitan dun compromiso máis firme por parte de toda a administración, e por cercanía, sobre todo, do profesorado.

OBXECTIVOS XERAIS :

OBXECTIVOS A LONGO PRAZO

- Lograr a plena normalización do noso idioma na vida diaria do centro por parte de toda a comunidade educativa, tanto nas aulas como fóra delas.

OBXECTIVOS A MEDIO PRAZO

- Potenciar a oralidade na comunidade escolar, incidindo fundamentalmente no alumnado e profesorado.
- Lograr unha actitude positiva da comunidade educativa en favor da normalización.
- Dispoñer de material curricular en galego para todas as áreas.

OBXECTIVOS PARA O PRESENTE CURSO

1. Potenciar a oralidade.
2. Manter a exclusividade do galego na elaboración de todo tipo de escritos e documentos de xestión.
3. Promover a utilización das (TICS), potenciando a elaboración de materiais para o ensino da lingua e a súa identificación co uso do galego.
4. Utilizar a Lingua Galega como elemento identificador, empregándoa como canle de expresión a tódalas situacións da vida.
5. Priorizar no ensino do galego a expresión, a afectividade e a utilidade, reforzando a súa dimensión comunicativa e instrumental en relación con contextos vivos e dándolle un protagonismo central á oralidade.
6. Facer do galego a lingua habitual de relación dos mestres/as cos alumnos/as e cos pais/nais do alumnado, garantindo que todo o profesorado teña plena competencia para desenvolver o seu labor docente en galego e os coñecementos necesarios para participar con criterio en tarefas de planificación lingüística escolar.
7. Ampliar a dotación da biblioteca do Colexio con libros de lectura en galego.
8. Incrementar o índice de lectura de obras en galego, así como coa adquisición de material videográfico e lúdico didáctico.
9. Informar ó profesorado das normas e leis que regulan o uso do galego no ensino.
10. Proporcionar á Comunidade Educativa o material necesario para o desenvolvemento e o emprego da Lingua Galega.
11. Manter informado ao profesorado das novidades editoriais

MEDIDAS E ACTIVIDADES PARA DESENVOLVER OS OBXECTIVOS O EDLG PROPÓN AS SEGUINTE:

- Asistir ás actividades de teatro, monicreques, música ou calquera outra de interese que organice o Concello , outras entidades ou que se organicen no centro.
- Participar na Campaña de animación á Lectura que organiza a Biblioteca Provincial de Pontevedra.
- Gravación e exposición no blog GHAFOS dos vídeos feitos polo alumnado de experimentos científicos.
- Manter o carné GALEFAS como animador das actividades da escola.
- Mercar pulseiras para as aulas de E. Física para que os GALEFAS recorden a súa implicación co a oralidade.
- Participación na marcha “Correlingua”pero adaptada no colexio.
- Participación no XXI concurso do Salón do Libro organizado polo do concello, coa “Revolución”
- Promover a normalización apoiando as campañas de animación á lectura do centro propondo concursos de contos, poesías, textos diversos segundo a ocasión.
- Proponer os/as títulos/as que o alumnado merque libros e que os autores veñan ao entro.
- Campaña dun autor en galego.
- Participación no XVIII concurso-exposición da camelia.
- Adquisición de libros de literatura infantil para a dotación da biblioteca.
- Mercar o material audiovisual e informático que se estime necesario.
- Obradoiro de teatro para o alumnado.
- Programa de radio “Dálle a lingua” de ONDA CERO RADIO.
- Rotular os indicadores, letreiros, murais, sinais de emerxencia,... en Lingua Galega.
- Recuperación dos xogos tradicionais: buxaina, bolas, carreiras de sacos, a corda, etc.
- Celebración da Trompada.

- Colleita de contos , lendas , cantigas , refráns , adiviñas , xogos , etc .
- Promoción da música galega.
- Cantar as cancións populares por niveis
- Apertura do centro ós demais centros do entorno, organizando e compartindo experiencias e actividades educativas: Escola Juan XXIII e coa Residencia da 3ª Idade.
- Intercambiar experiencias e coñecementos cos centro do entorno.
- Participación na celebración das festas populares que se realicen no Colexio (Magosto, Samaín , Nadal, A Paz, Entroido, Maios) e traballar outras conmemoracións recollidas na orde polo que se establece o calendario escolar, tales como o 25 de novembro, Día Internacional contra a Violencia de Xénero Día da Lingua Materna, Día de Rosalía ...
- Colaboración nas actividades das escolas galegas asociadas á UNESCO.
- Participación nos concursos relacionados co galego: microrrelatos, contos, historias ...
- Participación na exposición de froitos de outono en Galicia.
- Trotacontos
- Roteiro polo Río Gafos

AS FERRAMENTAS INFORMÁTICAS NA ESCOLA:

- Elaboración de traballos para o xornal escolar: relatos, contos poemas.
- Proposta de actividades para aula de informática: elaboración de calendarios, contos, letras, cancións, receitas etc.
- Colaboración na elaboración da páxina web do centro, nun apartado da páxina web o EDLG colga os traballos , as novas e os avisos.
- Dixitalización da revista escolar e publicación na WEB.
- Colaboración na elaboración da INTRANET do centro en galego e achega de material didáctico. Actividades cos recursos didácticos interactivos.

INTERNET:

- Recollida de información sobre o patrimonio inmaterial galego.
- Buscar información sobre os Maios, en especial sobre os Maios de Pontevedra.
- Buscar información sobre a camelia e presentación dos traballos en Power Point, para posteriormente proxectalos no plasma.
- Buscar información sobre a figura literaria homenaxeada nas Letras Galegas 2018 e presentación dos traballos en soporte informático, para posteriormente proxectalos no plasma.
- Exposición fotográfica dos eventos realizados ao longo do curso e presentación dos mesmos dixitalizados, para posteriormente proxectalos no plasma.
- Proposta cultural Letras Galegas 2020: A Conmemoración das Letras Galegas comprenderá un programa planificado polo Equipo de Dinamización Lingüística e aprobado polo Claustro. Poderá ter estas referencias básicas:
- Propostas de contos, banda deseñada, relatos ou debuxos sobre a figura homenaxeada (Carvalho Calero)
- Exposicións nos murais do corredor central, participadas por todos, que fagan referencia ó tema.
- Xogos tradicionais e populares: baseados nos deportes cooperativos.
- Exposicións orais entre os distintos niveis do centro sobre textos e autores que se propoñan.
- Contadores de contos.
- Teatro Monicreques.
- Promoción da fala e a escrita para melloralo galego. Proposta dunha nova campaña pola oralidade (elaboración de carteis e adhesivos con lemas).
- Música popular interpretada polo alumnado do centro acompañado da proxección de diapositivas e poemas.
- Fin de Curso que faremos coincidir na derradeira semana de actividade do alumnado en xuño e que poderá incluír algunha das propostas sinaladas anteriormente.
- Celebración da semana do cine galego.
- Sesións de contacontos e animación á lectura. Virán ó Colexio algún grupo de animación á lectura e autores de libros de literatura infantil que lles explicarán a súas experiencias como escritores.
- Proporemos a invitación ó centro dun escritor/a para expoñer as súas vivencias coa literatura infantil en coordinación co equipo da biblioteca escolar.
- A Revista Escolar "Estación Vella": Reflected a vida do centro. Publicarase, sempre que sexa posible, cara o remate do curso aproveitando e comprometéndose con todas as posibilidades que nos ofrecen as tecnoloxías da comunicación, sempre na experimentación. Será representativa dos traballos individuais ou en grupo: contos, debuxos, reportaxes, cómics, pasatempos, festas anuais, ... Aportados

voluntariamente polo alumnado, nun compromiso de esforzo participado das nenas e nenos, que coa colaboración do profesorado enchen de creatividade e enxeño as páxinas do noso xornal.

- Repartirase un exemplar por familia gratuitamente e o seu financiamento será xestionado polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega.

1º TRIMESTRE

- Campaña do Fomento do Galego : “Gústame ... en Galego”
- Contos, cantigas e poemas sobre o outono
- Contacontos entre niveis
- Exposición de diferentes froitos de outono.
- Estudo da castaña / Cantigas / Refrás ...
- Colección e clasificación de follas
- A cabaza
- Os cogomelos
- Plástica de outono
- Murais
- Adiviñas do outono
- Adiviñas e Contos de Medo do Samaín
- Celebración da Trompada (Día do Trompo)
- Roteiro polo Río Gafos
- Cantar panxoliñas na Residencia da 3ª Idade de Campolongo.
- Colaborar coa “Horta Viaxeira” organizada pola ANPA.
- Día internacional dos Dereitos Humanos
- Novembro, mes da Ciencia.
- O Xogo da Compostaxe.
- Elaboración de vídeos con Experimentos Científicos

O MAGOSTO

- Como todos os anos, gozaremos dun montón de actividades ademais de comer unhas ricas castañasasadas.
- Xogos populares
- Exposición de textos, cantigas, adiviñas... sobre o magosto.
- Elaboración e Interpretación polos nenos e nenas de diferentes cursos de 3º ciclo de cantigas, poemas, acompañados das frutas doces e a gaita galega

SAMAÍN

- Polo Samaín, faremos unha exposición de cabazas decoradas e de receitas de cociña “tenebrosa” e con bichos. Acompañaremos coa lectura de contos medo.

DALLE A LINGUA

- Lectura de traballos do alumnado no programa de radio “Dalle a lingua” de Onda Cero Radio.

OUTRAS ACTIVIDADES DE EF

- O alumnado de 4º, 5º e 6º elixirán un dos seguintes temas para investigar e logo elabora un traballo no formato que consideren oportuno, animando que sexa en formato dixital :
- Persoeiros do rueiro de Pontevedra.
 - Árbores e plantas da escola
 - Árbores e plantas do Parque de Campolongo
 - Experimentos científicos
 - Xogos Populares.
 - Traballo de investigación e Investigación dos xogos da Idade Media
 - O ártico rompe
 - Primeiros auxilios
 - Expresándome coa Arte.
 - Plastifícate
 - Outros que poidan xurdir durante o curso.

NADAL

- Concurso de tarxetas e felicitacións de Nadal
- Conta contos de Nadal
- Palabra galega do ano
- Recomendación de libros para ler nas vacacións.

2º TRIMESTRE:

- DENEP: Día escolar da non violencia e a paz. Faremos fincapé na biografía de Isabel Zender, a primeira enfermeira internacional recoñecida.
- Continuar coa campaña de fomento do galego con “Gústame en Galego”
- Celebración do Día da Lingua Materna e do Día de Rosalía
- Semana da prensa: lectura nas aulas da revista “O Papagaio”.
- Animarase a participar no Certame Relato Curto, en colaboración co Concello de Pontevedra outras institucións .

CONTAMOS CONTOS.

- No 2º trimestre, arrancaremos coa Actividade “Quen me conta un conto?” que se organiza na biblioteca , trátase de que nenos e nenas voluntarios, de forma individual ou en grupo contarán un conto na biblioteca ós demais alumnos. Tódos os venres no recreo na túa biblioteca.
- Continuar cos Carnés GALEFAS para mellorar a oralidade. Tres niveis: Golfiño, Esquí e Vagalume.
- ENTROIDO. Elaboración de máscaras. Recolleita de receitas
- Recolleita de adiviñas, refráns , e lendas no blog de dinamización.

XVIII EXPOSICIÓN DA CAMELIA

- Concurso de composicións literarias: poesías, descrições, narracións...
- Carteis con poemas e fotos da exposición feitos polos alumnos /as.
- Concurso de debuxo.
- Concurso de fotografía.
- Concurso de composicións florais.
- Traballos artísticos sobre o tema.

3º TRIMESTRE:

- Cantar cantigas populares na Festa das Letras Galegas
- Abril dos libros.
- A Festa dos Maios
- Letras Galegas. Díptico sobre a pernosaxe homenaxeada: Antón Fraguas.
- Correlingua
- As árbores do parque de Campolongo
- Xadrez na rúa
- Actividade de Orientación co IES Sánchez Cantón pola cidade de Pontevedra.
- A palabra galega do curso 2019-20
- Revista escolar
- Antrega de premios GALEFAS
- Guía de lectura

A FESTA DOS MAIOS.

Construirase un “Maio” entre todos, en especial os de 6º de primaria, se hai colaboración da ANPA, e elabóranse unhas coplas que tratarán dos temas de actualidade máis destacados no ano, relacionados co colexio, coa vida da cidade e outros acontecementos de interese. Ensaíarase cos paus o ritmo das mesmas e cantarase na escola no día que chamamos “FESTA DOS MAIOS”.

17 DE MAIO, DÍA DAS LETRAS GALEGAS


O Día das Letras Galegas do ano 2020 será dedicado a Carvalho Calero.
Organizaremos actividades para dar a coñecer ó persoeiro elixido. Mercaremos os libros e material que precisemos.

COÑECENDO ÁS ÁRBORES DO PARQUE DE CAMPOLONGO

Saídas para coñecer árbores da nosa contorna. Elaboración de traballos.

Pontevedra, 13-07-2020

O Director do centro



José Manuel Sánchez Moure



O Coordinador do EDNL



Antonio Ferrer Moreira